



Reunión da comisión TIC

CPI de San Sadurniño - Curso 2022/2023

Datos da reunión:

- Data: 26/04/2023
- Hora: 17:30
- Lugar: Aula Virtual do centro

Orde do día:

- Seguimento e aplicación do plan Dixital
 - Organización da xornada de formación: Empregar as TIC na aula sen atrancos.
 - Accións pendentes:
 - Elaboración dun protocolo de uso seguro das TIC.
 - Solicitud ao profesorado de actividades realizadas de cara á memoria final.
 - Colaboración con entidades externas.
 - Coordinación TIC/Edixgal para o curso 23/24
 - Rolda de intervencións
-

Acta e acordos.

Asistentes:

Ana María Brea Santiago.

Verónica Fraga Lamas.

Sandra García Fraga.

Lidia Lago Martínez.



Manuel Ángel Rey Pardo.

M^a Teresa Vispalia Blanco.

Ausentes

M^a del Mar López Somoza.

Acordos e propostas:

■ Seguimento e aplicación do plan dixital

Fíxose un repaso das accións realizadas e pendentes de realización e comento-use seguindo o apartado correspondente na aula virtual.

■ Organización dunha xornada de formación.

Fixouse a data inicial do 16 de Maio para realizar a xornada de formación *Empregar as TIC na aula sen atrancos* dirixida á comisión TIC/Edixgal e ao profesorado en xeral.

■ Accións pendentes.

Están pendentes ou en proceso de realización as seguintes accións:

- A actualización de ordenadores iniciouse pero está pendente da instalación dos novos paneis dixitais e da organización e distribución do material sobrante.
- Crear a figura de co-coordinador no edificio de primaria.
- Recolleuse información para realizar e divulgar un protocolo para o uso seguro das TIC entre a comunidade educativa. Subirase o material á aula virtual e farase unha xuntanza para organizar o traballo.
- A realización dalgunha actividade de colaboración coa aula CeMit, con outras institucións ou con outro centro educativo.

Acordouse mandar ao profesorado un documento para recoller as actividades realizadas no presente curso coa finalidade de incorporalas na memoria. No documento recólleranse as seguintes actividades:

- Actividades que potencian a creatividade.
- Actividades interdisciplinarias.
- Actividades de avaliación dixital.
- Actividades en colaboración con outros centros ou con entidades externas.
- Outras actividades, materiais e recursos TIC empregados

■ **Coordinación TIC/Edixgal para o curso 2023-2024.**

Manolo Rey comenta a intención de deixar a coordinación Edixgal ao final do presente curso e que estará á disposición de quen teña ánimo e interese por collela no vindeiro axudándolle e asesorando en todo o necesario. Tamén se comentará esta decisión en claustro para que a dirección poida propoñer a alguén.

■ **Rolda de intervencións.**

Coméntase que ante o cantidade de incidencias relacionadas coa duración da batería dos portátiles Edixgal máis antigos fíxose inventario das mesmas nos distintos cursos coa finalidade de abrir incidencias para solucionarlas.

Teresa Vispalia propón solicitar unha regreta de enchufes en cada aula onde fose necesario para que de forma provisional o alumnado que queda sen batería poida seguir traballando co equipo enchufado mentres non se soluciona a incidencia.

Verónica Fraga comenta que sería interesante, de cara ao vindeiro curso, ver que posibilidades hai de que o profesorado poida levar o seu equipo á clase para empregalo como equipo de traballo na aula de forma sinxela. Coméntase que hai que ver as posibilidades de conexión que teñen os novos paneis dixitais que van ser instalados para ver como organizar esa posibilidade.

Asinado:

Manolo Rey